



Expediente nº: 6069/2016

Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL

Día e Hora da Reunión: 5 de setembro de 2016, 14:00 HORAS

Lugar de Celebración: SALA CONCELLEIROS CASA DO CONCELLO

Asistentes: M^a CARMEN AMOEDO DASILVA, ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO, EDUARDO J. REGUERA OCAMPO, JOSÉ BERNARDO CRESPO ABAL, XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO.

Ausentes: RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA

Orde do Día: 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

2.- Información tramitación PXOM.

[ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL](#)

INCIDENCIAS:

Non asiste excusando a súa asistencia o membro enumerado á marxe. O concelleiro Eduardo J. Reguera Ocampo asiste en substitución do concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago, (Artigo 50 ROC).

Na casa do concello de Redondela, previa convocatoria, reuníronse na SALA CONCELLEIROS CASA DO CONCELLO os/as devanditos/as concelleiros/as baixo a presidencia de Dona. M^a Carmen Amoedo Dasilva, asistidos de min, Paloma Meno Rodríguez, a Secretaria da comisión, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia declarouse aberta a xuntanza sendo as 14:00 horas, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta pola presidenta da Comisión da acta da xuntanza celebrada o día 22 de abril de 2016, a comisión informativa do plan xeral, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros presentes, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, (2 do PP, 1 de A.E.R. e 1 do B.N.G.) e 1 abstención (do PSdeG-PSOE), estimou oportuno ditaminar favorablemente a aprobación da acta anterior.

2.- INFORMACIÓN TRAMITACIÓN PXOM.

Pola Presidencia expónse aos asistentes a situación na que se atopa a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, informando que no mes de xullo mantívose unha xuntanza coa Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o seu equipo técnico aos efectos de clarexar o seu requirimento recibido o 23 de maio, no que solicitan que se complete a documentación do borrador do Plan enviado para someter a consultas no trámite de avaliación ambiental estratéxica. Segundo as manifestacións da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo xustificouse pola entrada en vigor do Regulamento en desenvolvemento da nova Lei do Solo, indicando que este requirimento non é un documento tipo para

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Redondela senon xenérico. A presidenta sinala que non hai paralización do PXOM, xa que o que se solicitou pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo é un documento máis desenvolvido para o seu envío para a consulta urbanística. Deseguido indica que o pasado venres 2 de setembro mantívose unha reunión con María Ríos, representante do equipo redactor cuxo asunto foi tratar unha nova reestructuración do contrato, cun novo cronograma, respectando o prazo inicial de catro anos. Remata engadindo que, cando se teña todo concretado convocarase nova comisión informativa coa asistencia do equipo redactor para informar.

O concelleiro Crespo Abal pregunta á presidenta se este documento que se vai enviar é un documento a maiores, o terceiro, dos que se enviou no seu día e que se indicara na comisión anterior.

A presidenta resposta repetindo que esta nova documentación requírese pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo como consecuencia da próxima entrada en vigor do Regulamento en desenvolvemento da Lei do Solo.

O concelleiro González Campo pregunta que membros do Concello acudiron á xuntanza a Santiago, ao que a esta secretaria resposta, que asistiron: o Alcalde, a concelleira de urbanismo; tres membros do equipo redactor e a asinante.

A presidenta remata dicindo que o motivo da celebración da comisión é clarexar o requirimento da Secretaria Xeral Técnica de Ordenación do Territorio e Urbanismo e que non se paralizou a tramitación do PXOM.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levantouse a xuntanza sendo as catorce horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, do que, como Secretaria, dou fé.